

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o dezanove de setembro do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, en substitución do titular, don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados don Plácido Álvarez Dobaño, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Antonio Montero Fernández, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2014.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día doce de setembro de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS.- No Pleno de data 29 de xullo de 2014 acordouse aprobar o expediente nº 4/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 30.000,00 euros a favor do Concello de Muíños, para unha praza en Xermeade, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez incorporado o remanente de crédito ó orzamento correspondente ó ano 2014, vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto praza en Xermeade.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2014

3.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2014.- Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 25 de xuño de 2014, do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2014, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2014 e publicadas no BOP n.º 57, do 11 de marzo de 2014), vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 21 de xullo de 2014, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Desestimar integramente as alegacións fronte á proposta de resolución provisional formuladas no trámite de audiencia polas entidades Escuelas Deportivas Artai, Club de Tiro Eiroás, Club Femenino Sil Baloncesto Barco, Montealegre Club de Golf, SA, Club Ourense Volei Praia e Club Fluvial O Barco, polos motivos recollidos na acta redactada para o efecto, e que se transcriben a continuación:

Escuelas Deportivas Artai:

O indicado club foi incluído dentro da categoría “**Grupo IV de competición provincial e base**” interesando a inclusión nunha categoría superior por seren dos clubs de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

máxima categoría competitiva a nivel nacional participando en competicións autonómicas, nacionais, europeas e internacionais.

A comisión revisa o expediente e constata:

- Na disciplina de kung-fu, de 171 licenzas acreditadas, 145 **son de base**, o que constitúe o **85% do total**.
- Na disciplina de wu-shu, de 50 licenzas acreditadas, 32 **son de base**, o que constitúe o **64% do total**.
- Na pasada temporada, e segundo acredita no anexo de gastos de desprazamentos, soamente referencia tres desprazamentos a competicións: Unha a Oviedo e dúas a Madrid. Polo que, esta comisión entende **que o resto do seu volume competitivo da temporada se realiza en Ourense**.
- Tamén no anexo VI onde se recollen os principais éxitos deportivos dos seus competidores, a gran maioría pertence a categorías junior, cadete, sub 21 e infantil, **polo tanto categorías de base**.

En consecuencia e polos motivos expostos pola comisión, non procede o cambio de grupo desta entidade, encadrándose a Escolas Deportivas Artai no grupo de Provincial e Base, polos argumentos indicados anteriormente.

Club de Tiro Eiroás:

Alegou que foi incluído dentro da categoría “Grupo IV de competición provincial e base” interesando que se reconsiderase a clasificación e se incluíse nunha categoría superior segundo se recolle no calendario de competición e no anexo “resultados máis significativos para deportes individuais”.

Da nova revisión do seu expediente resultou:

- Que un dos documentos ós que a comisión apela para a constatación do nivel da competición dun club, ben sexa de deportes individuais como de equipo, é o anexo IX “Avaliación do Nivel da competición-Temporada 2013-2014” que o club de Tiro Eiroás presenta en branco, polo que resulta imposible baremar.
- Outro dos documentos que aproxima a comisión ó espazo territorial onde se desenvolve un club é o dos gastos de desprazamentos ou quilometraxes e cuxo anexo o solicitante tamén presenta en branco. A relación de facturas ou recibos cos gastos por desprazamentos durante a temporada acredita

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

fidedignamente os lugares onde competiu o club. Por ultimo, tamén convén sinalar que un club debe ser clasificado en función do ámbito de competición da maioría dos seus compoñentes, de xeito que a participación aillada dalgún dos seus deportistas en competicións de ámbito superior non pode alterar a dita clasificación.

Por tal motivo, o Club de Tiro Eiroás encádrase no grupo de Provincial e Base, polos argumentos indicados anteriormente.

Club Femenino Sil Baloncesto Barco:

Alegou que foi incluído dentro da categoría “Grupo IV de competición provincial e base” interesando no seu escrito se se tivo en consideración a existencia dun equipo infantil masculino en primeira división autonómica.

Da nova revisión do seu expediente resultou:

- Que a totalidade das licenzas masculinas e femininas do club son de categorías de base. 129 xogadores.
- Ademais, dos oito equipos da entidade, sete son de categoría provincial e soamente un de autonómico.
- Por todo isto, a comisión entendeu que é un tradicional “club provincial e base”, polo que na baremación e consecución de puntos tivo o seu importante reflexo.

Por tal motivo, o Club Femenino Sil Baloncesto Barco encádrase no grupo de Provincial e Base, polos argumentos indicados anteriormente.

Montealegre Club de Golf, SA:

Alegou que foi excluído da baremación, no seu momento, por non posuír un número mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición. Agora acompañan un certificado da federación correspondente que acredita este extremo.

Da nova revisión do seu expediente resultou:

- Que en tempo e forma non presentaron ningún certificado acreditativo, polo que neste momento do procedemento non se pode ter en consideración posto que a documentación valorable non é emendable tal e como establece o último parágrafo da base quinta da convocatoria..

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

Por tal motivo, mantense a exclusión da valoración ó Club Montealegre Club de Golf, SA por non acreditar no momento da solicitude, que posúe , polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta.”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición

Club Ourense Volei Praia:

Alegou que foi incluído dentro da categoría “Grupo IV de competición provincial e base” interesando no seu escrito que está a participar nas distintas probas dos campionatos galegos e nacionais.

Da nova revisión do seu expediente resultou:

- No certificado federativo, de 68 licencias acreditadas, 45 **son de base**, o que constitúe o **66% do total**. Este dato reflicte, por agora, unha clara vocación de “club de base”.
- Pola propia natureza desta disciplina, que forma parte da Federación Española de Voleibol, a maioría dos seus practicantes xa participan federados nas competicións de temporada do Voleibol en clubs ourensáns desta disciplina que xa están subvencionados tamén nesta convocatoria.
- Por último, tamén convén sinalar que un club debe ser clasificado en función do ámbito de competición da maioría dos seus compoñentes e da súa categoría.

Por tal motivo, o Club Ourense Volei Praia debe manterse no grupo de Provincial e Base, polos argumentos indicados anteriormente.

Club Fluvial O Barco:

Alegou que foi incluído dentro da categoría “Grupo IV de competición provincial e base” interesando no seu escrito que se inclúa que está a participar nas distintas probas dos campionatos galegos, nacionais e internacionais no grupo II de competición autonómica-nacional.

- Da nova lectura e revisión detallada do expediente presentado no seu día, observouse que non acompaña o imprescindible calendario de competición da temporada que recolle os diferentes ámbitos territoriais de competición da entidade e dos seus deportistas.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

- Ademais, tampouco cubre o anexo VIII no que se recollen os gastos por desprazamentos en competicións oficiais e que constitúe un dos documentos que aproxima a comisión ó espazo territorial onde se desenvolve un club. A relación de facturas ou recibos cos gastos por desprazamentos durante a temporada deportiva acredita fidedignamente os lugares onde competiu o club, o que facilita enormemente o posicionamento provincial, autonómico, nacional ou internacional da entidade durante esa temporada.
- Así mesmo, débese indicar que os novos datos que achegou coa solicitude de revisión da axuda, non se poden ter en conta, ó non ser emendable a documentación valorable tal e como dispón o último parágrafo da base quinta da convocatoria.

Por tal motivo, non procede modificación ningunha e mantense no grupo de Provincial e Base, polos argumentos indicados anteriormente, ó Club Fluvial O Barco.

2º.- Non admitir a trámite a seguinte solicitude polo motivo que se indica:

- Escolas Deportivas Concello de Verín: Presentou a solicitude fóra do prazo establecido na base quinta da convocatoria.

3º.- A) Excluír da valoración as solicitudes que se indican a continuación por non posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición, tal e como dispón a base 2.1 d).

- Escudería Luíntra
- Escudería Viduedo
- Club de Fútbol Sala Beariz
- Cartelle Fútbol Sala Femenino

B) Excluír da valoración a seguinte solicitude, por non acreditar, en tempo e forma, que posúe, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de cinco licenzas federativas de deportistas de base en competición, tal e como dispón a base 2.1 d).

- Montealegre Club de Golf

4º.- Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014
--

NOME ENTIDADE	PROPOSTA CONTÍA SUBVENCIÓN
Grupo I – Nacional -	
ASOCIACION BASKET OURENSE	8.651 €
CLUB BALONCESTO FEMENINO OURENSE	10.416 €
CIDADE DE AS BURGAS FUTBOL SALA	12.338 €
PONTE OURENSE C.F-SAD	15.227 €
A.D OURENSE HOCKEY CLUB	10.000 €
CLUB HOCKEY BARROCAS	11.402 €
CLUB HOCKEY SANTIAGO APOSTOL	9.756 €
	77.790 €
Grupo II – Autonómico-Nacional Mixto -	
CLUB A.D.A.S	7.370 €
CLUBE CICLISTA MACEDA	5.082 €
CLUBE BALONMAN PABELLON OURENSE	9.289 €
CLUB VOLEIBOL OURENSE	5.297 €
PABELLON OURENSE CLUB DE FUTBOL	9.601 €
U.D BARBADÁS	8.472 €
PIZARRAS LOS TRES CUÑADOS FUTSAL	4.204 €
CLUB NATACION PABELLON OURENSE	8.000 €
CLUB NAUTICO CASTRELO DE MIÑO	6.683 €
	63.998 €
Grupo III – Autonómico	
CLUB OURENSE ATLETISMO	6.255 €
CLUB POLIDEPORTIVO ATHLOS	5.478 €
INDEPENDIENTE BADMINTON CLUB	2.054 €
CLUB BALONCESTO ALLARIZ	5.000 €
ASOCIAC. DEP. BALONMAN CARBALLIÑO	2.977 €
BALONMAN CAMPUS AURIA C.D.	2.832 €
CLUB DEPORTIVO CULTURAL RIBEIRO	2.766 €
CLUB BILLAR OURENSE	2.910 €
CIDADE DE OURENSE C.F	4.019 €
CENTRO DE DEPORTES BARCO	5.538 €
CLUB DEPORTIVO VERIN FUTSAL	3.292 €
CLUB HALTEROFILIA PABELLON	4.798 €
ASOCIACION CLUB HOCKEI PABELLON	2.397 €
CLUB HOCKEY ALBOR	4.589 €
CLUB HOCKEY CIDADE DE OURENSE	3.300 €
GIMNASTICO CUDEIRO H.C	2.607 €
C. NATACION SINCRONIZADA OURENSE	5.799 €
CLUB CARMELITAS VEDRUNA	8.082 €
C. TRIATLON OLIMPIA CARBALLIÑO	2.401 €
CLUB DEPORTIVO BURGAS VOLEIBOL	4.000 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014
--

CLUB VOLEIBOL SAN MARTIÑO	6.481 €
A.D. GIMNASIO DINAMIC CENTER	3.570 €
CLUBE DEPORT. XADREZ OURENSE	6.075 €
CLUB XIMNASIA PAVILLON	6.386 €
CLUBE ESCOLA XIMNASIA BURGAS	4.840 €
	108.445 €
Grupo IV – Provincial e Base	
E. A. DE PEREIRO AGUIAR-BENCHOSHEY	1.000 €
AGRU. APA IB EDUARDO BLANCO AMOR	1.500 €
ASOCIACION BALONCESTO XINZO	1.926 €
CLUB BALONCESTO XUVENTUDE VERIN	1.669 €
FEMENINO SIL BALONCESTO BARCO	2.521 €
CLUB ESCOLA BALONMAN RIBADAVIA	1.767 €
CLUBE BALONMAN SERGAVE OURENSE	1.148 €
CLUBE DEPORTIVO CLUB OLIMPOS	1.045 €
CLUB ESQUI NAUTICO DUMNIES	1.221 €
C.D RÚA	2.060 €
CLUB DEPORTIVO SANTA TERESITA	2.803 €
CLUB DEPORTIVO VELLE	2.778 €
S.D NOGUEIRA DE RAMUÍN	1.292 €
PABELLON PROMESAS	1.638 €
RIBEIRO FUTBOL CLUB	2.000 €
S.D. E CULTURAL ARRABALDO	3.029 €
SPORTING CELANOVA	1.124 €
ANTELA FUTBOL CLUB	3.102 €
ESCOL. DEP. CONCELLO DE CELANOVA	1.868 €
CLUB OURENSE FUTBOL SALA	1.680 €
MIZUKAMI ESCUELA DE KARATE SHOTOKAN	1.583 €
C.BLACK KICK COMPETICION	1.452 €
ESCOLA DE KICK BOXING "CIPRI GOMES"	1.324 €
FUNDACION CIPRI GOMES	1.184 €
WUSHU KUNGFU CLUB OURENSE	1.618 €
MOTO CLUB MEDA	1.651 €
CLUB DEPORTIVO P21 PADEL CLUB	1.402 €
AEHDE CARBALLIÑO	1.088 €
CLUB FLUVIAL AVIÓN	1.459 €
CLUB FLUVIAL O BARCO	2.187 €
ESCUELA OURENS.MUNICIPAL PIRAGÜISMO	1.773 €
PIRAGÜISMO FLUVIAL ALLARIZ	2.633 €
CLUB DE PIRAGÜISMO FONTEFRIA	1.493 €
ASOCIACION DEPORTIVA BOSCO	2.491 €
ASOCIACION DEPORTIVA LIMIACTIVA	2.000 €
C.D MACEDA	2.942 €
CLUB ATLETISMO GUILLELME BROWN	1.794 €
CLUB SANTO DOMINGO	2.000 €
ESCOLA DEPORTIVA OURENSE	2.873 €

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

ESCUELAS DEPORTIVAS ARTAI	2.220 €
XIMNASIO ESTUDIO A VALENZA	1.509 €
C. SALVAMENT. ACUATICO OUR. SALVOUR	1.719 €
CENTRO DEPORTIVO COUTO	2.419 €
CLUB DEPORTIVO DEREITO-EMPRESARIAIS	1.504 €
CLUB TENIS RUA	1.286 €
CLUB DE TIRO EIROAS	3.441 €
CLUB OURENSE VOLEI PRAIA	2.242 €
XADREZ CEIP PEREIRO DE AGUIAR	2.541 €
CLUB XIMNASIA ESCOLA PAVILLON	3.434 €
CLUB MARUSIA	2.315 €
C.D. E.D. CONCELLO XINZO DE LIMIA	1.509 €
	98.258 €

TOTAL: 348.490 €

5º.- As subvencións libranse tras a súa xustificación, conforme co establecido nas bases da convocatoria.

6º.- Dispor a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

4.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2014.-

Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 3 de xullo de 2014, do concurso público para a concesión de subvencións a concellos e entidades sen ánimo de lucro para organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2014, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 21 de febreiro de 2014 e publicadas no BOP n.º 49, do 28 de febreiro de 2014), vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 10 de setembro de 2014, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Desestimar integramente as alegacións fronte á proposta de resolución provisional formuladas no trámite de audiencia polas entidades AVV LAXAS, AVV RABODEGALO, O Seixo ADV, Concello de Vilar de Barrio e Federación de Libreiros de Galicia, polos motivos recollidos na acta redactada para o efecto e que se transcriben de seguido:

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

AVV LAXAS:

A AVV LAXAS solicita a inclusión do seu proxecto na proposta de concesión de subvencións ao entender que tanto no esforzo orzamentario como no esforzo de autofinanciamento lle corresponde a máxima puntuación por considerar que, en ambos casos, é superior ao 50%.

En primeiro lugar, aínda que esta asociación fai mención a un proxecto sen especificar fronte ao que se refire a alegación, entendemos que se quere referir aos dous para os que presentou solicitude de subvención: *“Día do socio 2014”* e *“IV andaina veciñal Sta. Mariña-Curuxeiras”*

En relación co primeiro criterio ao que fai referencia o alegante, relativo ao esforzo orzamentario, hai que recordar que este criterio se determina para cada proxecto en función da porcentaxe de gasto que o proxecto represente verbo dos recursos ordinarios municipais do derradeiro exercicio liquidado e dos ingresos do último exercicio liquidado no caso das entidades sen ánimo de lucro.

Neste senso, esta asociación non presentou o certificado dos ingresos do último exercicio liquidado que se pedía na base 5ª 3 b) dentro da documentación que había que presentar para a valoración da solicitude e non sendo esta emendable; en consecuencia, o resultado final neste apartado é de 0 puntos.

En canto ao esforzo de autofinanciamento, valorouse aplicando directamente o disposto nas bases, asignándolle a maior puntuación (15 puntos) á maior porcentaxe de esforzo orzamentario que foi establecido pola comisión nun 80%, puntuándose o resto en proporción.

No caso destes proxectos, o solicitante ten unha porcentaxe do 50% no proxecto *“Día do socio 2014”* (7 puntos) e do 53,3 % (10 puntos) no proxecto *“IV andaina veciñal Sta Mariña- Curuxeiras”*.

En consecuencia do exposto, a valoración está correctamente realizada polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

AVV RABODEGALO:

A AVV RABODEGALO presenta as mesmas alegacións que a AVV LAXAS, é dicir, solicita a inclusión do seu proxecto na proposta de concesión de subvencións ao

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

entender que tanto no esforzo orzamentario como no esforzo de autofinanciamento lle corresponde a máxima puntuación por considerar que, en ambos casos, é superior ao 50 %.

Non obstante, hai diferenzas substanciais: No caso desta asociación e no relativo ao esforzo orzamentario, vólvese a indicar que este criterio se determina para cada proxecto en función da porcentaxe de gasto que o proxecto represente verbo dos recursos ordinarios municipais do derradeiro exercicio liquidado e dos ingresos do último exercicio liquidado no caso das entidades sen ánimo de lucro; Posteriormente, asignóuselle a maior puntuación (15 puntos) á maior porcentaxe de esforzo orzamentario que foi establecido pola comisión nun 80%, puntuándose o resto en proporción.

En aplicación deste criterio, a AVV RABODEGALO, obtivo unha porcentaxe do 24,82% (4,65 puntos)

En canto ao esforzo de autofinanciamento, que se valorou aplicando directamente o establecido nas bases, a esta asociación correspóndelle un 33,3 % (7 puntos), pois dun orzamento de 1.500,00 €, solicita 1000,00 €, non achegando, polo tanto o 50% tal e como alega o solicitante.

A valoración está correctamente realizada, polo que se mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

O Seixo ADV:

O Seixo ADV alega que tendo a terceira puntuación mais alta, propúxoselle provisionalmente a asignación dunha axuda económica que supón o 15,64 % do orzamento necesario para a súa realización, mentres que outras actividades coa metade de puntos reciben porcentaxes superiores.

En primeiro lugar, faise constar tal e como se detallou no trámite de audiencia, a aplicación dos criterios de valoración é a seguinte:

O primeiro criterio relativo ao interese social da actividade, desdóbrase en dous bloques, valorados en ata 24 puntos o primeiro e en ata 6 puntos o segundo, baseándose nos seguintes criterios:

a) Orzamento da actividade: valorarase obxectivamente, establecendo os seguintes graos segundo o orzamento presentado:

- Máis de 25.000,00 €: 24 puntos
- Máis de 15.000,00 €: 20 puntos

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

- Máis de 10.000,00: 10 puntos
- Máis de 5.000,00: 6 puntos
- Resto: 1 punto

b) Incidencia de cara ao fomento da creación cultural, a conservación ou posta en valor do patrimonio inmaterial ou a creación dunha oferta pública relevante de actividades de lecer, interese polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección internacional e o seu recoñecemento oficial como actividade de interese turístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Para aplicación deste criterio, déuselle 1 punto para cada aspecto que cumpra o proxecto presentado dos enumerados no parágrafo que precede.

- O segundo criterio, relativo ao esforzo orzamentario, valorouse aplicando directamente o disposto nas bases, asignándolle a maior puntuación (15 puntos) á maior porcentaxe de esforzo orzamentario que foi establecido pola comisión nun 80%, puntuándose o resto en proporción.
- O terceiro, relativo ao esforzo de autofinanciamento, valorouse aplicando obxectiva e directamente o establecido nesa base.

Os criterios 2º e 3º, conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O primeiro criterio responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas.

Polo tanto, os resultados obtidos no segundo e terceiro criterio de valoración son os que lle corresponden segundo os datos achegados polo alegante na solicitude de subvención (15 no esforzo orzamentario e 10 punto no esforzo de autofinanciamento)

En canto ao criterio relativo á incidencia social, déuselle un punto no apartado de conservación ou posta en valor do patrimonio material ou inmaterial máis 20 puntos polo orzamento presentado, acadando un total de 21 puntos neste apartado.

Por outro lado, nos supostos en que algún solicitante renunciou á súa solicitude ou nos supostos en que efectuando a valoración saía unha proposta de concesión dunha axuda

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

superior á que solicitaron, procedeuse a un segundo repartimento entre todas as solicitudes propostas para a concesión de subvencións, de xeito proporcional e en estrita aplicación dos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria, en relación coa dotación orzamentaria existente, pero que en ningún caso supón resultados contraditorios a ditos criterios.

Os cálculos realizados do resultado recóllense na táboa anexa I, que se incorporou á acta correspondente para todos os efectos.

Polo tanto a Comisión de Valoración ratifícase na proposta provisional e mantén a proposta de concesión de subvención a Ó Seixo ADV por importe de 3.289,00 € para a realización do proxecto “*Posta en valor da aldea de Eira de Mouros*”.

Concello de Vilar de Barrio:

O Concello de Vilar de Barrio solicita a revisión da puntuación outorgada ao proxecto “*Día da bici*” para o que presentou solicitude de subvención e se lle propuxo a súa denegación por non acadar a puntuación mínima de 20 puntos, establecida pola Comisión de Valoración e de conformidade coa base 9.3 da convocatoria.

En canto aos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria, tanto o relativo ao esforzo orzamentario do concello como o relativo ao esforzo de autofinanciamento, son criterios que se aplican mediante o emprego de fórmulas obxectivos de carácter automático tal e como se explica na proposta provisional que foi sometida a trámite de audiencia; en consecuencia, os datos obtidos polo Concello de Vilar de Barrio nestes dous criterios son o resultado da introdución dos datos achegados polo solicitante e a aplicación dos criterios de valoración correspondentes.

En canto ao primeiro criterio de valoración relativo á incidencia social respondeu a un xuízo de valor motivado pola comisión xustificando co fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas, outorgando un punto para cada aspecto dos enumerados neste criterio que cumprira o proxecto presentado.

Neste caso concreto, ao Concello de Vilar de Barrio déuselle un punto no apartado de creación dunha oferta relevante de actividades de lecer e 0 no resto dos apartados por non cumprir os requisitos aos que fai referencia o dito apartado.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

En consecuencia de todo isto, a Comisión de Valoración considera que é correcta á puntuación outorgada ao proxecto “*Día da bici*” para o que presentou solicitude de subvención o Concello de Vilar de Barrio, mantendo, polo tanto, a proposta de denegación de subvención ao non acadar a puntuación mínima de 20 puntos.

Federación de Libreiros de Galicia:

D.^a M^a del Pilar Rodríguez Álvarez, presidenta da Federación de Libreiros de Galicia, solicitou a revisión da asignación que lle foi proposta na resolución provisional, por importe de 3.298,24 € para a realización do proxecto “*Feiras do Libro Novo e Antigo Ourense 2014*”.

A este respecto, cómpre recordar que para a aplicación dos tres criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria (Incidencia social, esforzo orzamentario e esforzo de autofinanciamento), a comisión levou a cabo a valoración do seguinte xeito:

O primeiro bloque de puntuación (Incidencia social...) – base 9^a.1 – desdóbrase en dous, valorados en ata 24 puntos o primeiro e en ata 6 puntos o segundo, baseándose nos seguintes criterios:

a) Orzamento da actividade: valorouse obxectivamente, establecendo os seguintes graos segundo o orzamento presentado:

- Máis de 25.000,00 €: 24 puntos
- Máis de 15.000,00 €: 20 puntos
- Máis de 10.000,00 €: 10 puntos
- Máis de 5.000,00 €: 6 puntos
- Resto: 1 punto

b) Incidencia de cara ao fomento da creación cultural, a conservación ou posta en valor do patrimonio inmaterial ou a creación dunha oferta pública relevante de actividades de lecer, interese polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección internacional e o seu recoñecemento oficial como actividade de interese turístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Para aplicación deste criterio, déuselle 1 punto para cada aspecto que cumprira o proxecto presentado dos enumerados no parágrafo que precede.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

- O segundo bloque valorouse aplicando directamente o disposto nas bases, asignándolle a maior puntuación (15 puntos) á maior porcentaxe de esforzo orzamentario que foi establecido pola comisión nun 80%, puntuándose o resto en proporción.
- O terceiro bloque valorouse aplicando obxectiva e directamente o establecido na base novena apartado c).

Tendo en conta as puntuacións obtidas, e considerando que o importe dispoñible para a concesión de subvencións é de 150.000 euros, a contía individualizada das subvencións por proxecto asignouse mediante o repartimento da contía total dispoñible conforme ás puntuacións obtidas, co límite do 70% do importe do proxecto no caso de municipios de menos de 5.000 habitantes e do 50% no caso de municipios de máis de 5.000 habitantes e no caso de entidades sen ánimo de lucro, e sen que en ningún caso se superase a contía solicitada polos solicitantes. O resultado recóllese igualmente na táboa anexa I, que se incorporou á acta correspondente para todos os efectos.

Así mesmo, indícase que os criterios sinalados para o 2º e 3º bloques, conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no primeiro bloque responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas.

En aplicación de todo o indicado, e unha vez revisado o expediente de referencia, a Comisión de Valoración reafírmase na asignación proposta á Federación de Libreiros de Galicia, resultado da aplicación dos correspondentes criterios de valoración en relación cos datos achegados polo solicitante e da contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións.

Concello de Parada do Sil:

O Concello de Parada do Sil solicitou a revisión da puntuación outorgada dos seguintes proxectos para os que a Comisión de Valoración propuxo, provisionalmente, denegarlle a subvención por non acadar a puntuación mínima de 20 puntos, establecida pola comisión e de conformidade coa base 9.3 da convocatoria “*Publicación do libro: guía libre*

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 19 de setembro de 2014

para entender *Parada do Sil*"; *"Festa da pisa da castaña"* e *"Celebración do día das letras galegas"*.

Unha vez revisado o expediente, confírmase a correcta puntuación outorgada aos proxectos *"Publicación do libro: guía libre para entender Parada do Sil e "celebración do día das letras galegas"*, en aplicación dos criterios de valoración en relación cos datos achegados polo solicitante.

